



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA PARALIZAR O PECHE DE OFICINAS BANCARIAS**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para paralizar o peche de oficinas bancarias.

### **Exposición de motivos**

Este mes de setembro están facéndose efectivos o peche de varias sucursais bancarias de Abanca na Provincia da Coruña en concellos coma o noso ou outros preto coma Fene ou Cerdido. Lonxe de ser un feito puntual, o peche destas sucursais segue un plan de desmantelamento bancario polo que Galicia perdeu xa máis da metade das súas oficinas bancarias dende 2008. Este peche de oficinas impide o dereito ao acceso á información sobre os produtos bancarios e dificulta enormemente a vida dunha poboación especialmente envellecida, para a que as sucursais bancarias son insubstituíbles pola banca electrónica ou os caixeiros debido principalmente á falta de competencias dixitais.

Esta situación, derivada dunha clara e errónea reconversión do sector financeiro, é especialmente inxusta e alarmante polo historial da principal causante destes peches, a Corporación Bancaria Abanca. Esta entidade é a resultante da venda a prezo de saldo das caixas de aforro previamente rescatadas con diñeiro público, un proceso opaco e no

que as institucións públicas investiron millóns de euros para o rescate de entidades que logo acabaron a mans estranxeiras sen recuperar o pagado no proceso de rescate e fusión e sen compromiso nin control ningún a posteriori sobre Abanca.

Por se fora pouco, Abanca gañou este verán o concurso da Xunta para instalar caixeiros no rural, subvención pola que recibirá ata 2,8 millóns de euros da Xunta de Galicia ata 2025 a razón de 16.000 euros ao ano por cada caixeiro, podendo incluso a entidade recibir novas axudas pola instalación dos caixeiros naqueles mesmos concellos onde está pechando sucursais, coma é o caso da oficina de Catabois, onde acudían numerosos veciños e veciñas do rural, ao carecer de servizos bancarios na súa zona; ou a oficina de Capitanía, que daba asistencia a barrios coma Ferrol Vello, Magdalena ou Canido.

Abanca gañou neste primeiro trimestre de 2021 137,4 millóns de euros, un 8,2% máis que no 2020, mentres afonda nesta desertización bancaria da nosa provincia, cunhas enormes consecuencias para a calidade de vida e polo tanto para a fixación de poboación no rural. Ante esta práctica usureira pola que se pechan sucursais bancarias cunha importancia estratéxica sobre todo no rural e á vez se reciben millóns de euros para a súa substitución por caixeiros o normal é pronunciarse e demandar o cese dos peches das oficinas bancarias.

Polo todo isto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Manifesta o apoio ás reclamacións sobre o peche de sucursais bancarias de toda a veciñanza afectada.

2. Instar á Xunta de Galiza a que estude deixar sen efecto a convocatoria de axudas para abrir caixeiros da que se beneficiará Abanca a costa da desertización bancaria rural.

3. Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e á entidade bancaria Abanca.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común